

-168-

O dito Ferrnand Munjs, jurado e pregado, et cetera, diso que, para o juramento que feyto avía, / que senpre oyo⁴ a vedranos antigos dar estas quatro leyras susoditas, que o / dito Ferrnand Vjdal ha declarado dar ao moesteyro de Sã Justo, e que as vira labrar / e poseer porlo dito moesteyro a Ferrnand Sordo, seu labrador ?no dito casal⁵⁶¹, que mora/ua ?no dito casal de Aguileyro.

Item diso que as casas e cortes e orta / en⁵⁶² que mora Lopo d'Aguileyro pert?esçen ao moesteyro de Sã Justo por / foro que delo te? feyto el e Ferrnand Vjdal, amos de por medio.

Item / diso⁵⁶³ este testigo que⁵⁶⁴ te?⁵⁶⁵ seu fillo, Rroy Gomes, h?u formal feyta corte ?no seu quinteyro, donde el bjue, que he a dita corte do dito moesteyro.

Item dis que te? h?a táuoas que leouo prestada da dita grãja quando / fiso as bodas de seu fillo.

Item diso que oyra deser a vedranos / antigos⁴ que a casa que feso Ferrnand Martíns d'Aaro en Porto, que esta/ua e a fesera en herdade de Sã Justo, e que desto máis nõ / sabía.

Item diso que mostraría e apearía, quando fose chamado, / tódaslas herdades que tragía Fernán de Paaços ?no casal de Paaços⁴, / que he de Sã Justo, as que el⁵⁶⁶ soubese.

4. Leva un trazo sobre a palabra.

561. Casal está sobre a liña; na liña está riscado moesteyro.

562. Antes está riscado que te?.

563. Despois está riscado que.

567. Despois está riscado el.

565. Despois está riscado dito moesteyro.

566. Despois está riscado trouxese.